

La Voz de Galicia

CARBALLO. DOMINGO, 15 DE MAYO DE 2022

O manifesto rebelde de María Barcala

por Santi Pazos



Libre coma os paxaros é unha excelente obra sobre textos de **Rosalía de Castro** que a Compañía **Teatro do Atlántico**, coa dramaturxia e dirección de **Xulio Lago**, vén representando por toda Galicia con gran éxito de crítica, aínda que lamentablemente non así de público. Un aspecto importante sobre o que terán que debater os programadores culturais porque, sen dúbida, algo falla nas canles de comunicación e publicidade que utilizan.

É unha mágoa que incluso en **Carballo**, vila de gran afección teatral, fósemos tan poucos. Extremo, por certo, que non afectou a entrega absoluta da gran actriz **María Barcala** para defender un traballo de interpretación complexo, sensiblemente lírico e terriblemente prosaico nese cometido de presentarnos **unha Rosalía de Castro limpa das tradicionais manipulacións** e apropiacións á que estivo sometida en vida e despois de morta. Escritora que loita por romper cos noxentos arquetipos da época na que lle tocou vivir.

De aí que «**Manifesto rebelde**» —acertado subtítulo para unha peza teatral que, de seguro, permanecerá no tempo coma un dos traballos máis serios que se teñen feito sobre desta personaxe tan importante para Galicia, os galegos e a poesía universal— sexa tamén o emblema apropiado para unha actriz acostumada a

acariñar cada palabra que pronuncia sobre un escenario e loitar por proxectos que cumpren con esa gran esixencia do **teatro comprometido** coas cousas que de verdade importan.



Miguel Villar

Quero recordar, porque son parte do traballo extraordinario de María Barcala e da miña memoria escénica, *Memoria de Helena e María* onde a palabra quere ser alternativa contra todo tipo de violencia; *O principio de Arquímedes*, no que as dúbidas e os malos entendidos rachan coa integridade de seres expostos a escrutinios maledicentes; *Helena: xuízo a unha lurpia*, na que unha muller reivindica o seu dereito a ser quen é, ou *Dúas donas que bailan*, onde a fragilidade física e mental impónse sobre os prexuízos e os medos.

Realmente, María e Rosalía parécense bastante. Socialmente non cambiamos tanto como para afirmar que as mulleres de hoxe non sofren eses delirios machistas que padecían antes. Por iso este «Manifesto rebelde» ha de ser **colectivo** e compartido por mulleres e homes en pro da **igualdade de xénero**.

Mais se atendemos á estrutura dramática, teño que dicir que padece de defectos que só se explican por exceso de confianza na capacidade interpretativa de María Barcala ou por economizar na intendencia escénica. E menos mal que ela recita e xesticula, mesturando dozura e xenio, interiorizando un discurso que lle é propio, atomizando na mirada e nas mans unha rabia imposible de canalizar. Tecnicamente ten alternativas, luces e sombras, música, movementos, uso de espazos escénicos. Xulio Lago tenme demostrado que sabe facer todo isto, mais neste «Manifesto rebelde» está bastante desaparecido, con todo respecto.

A sorte é que María Barcala, como xa nos ten acostumados, demostra que é **unha das mellores actrices que temos en Galicia**. Así que temos que coidala e ir vela, admirala e aplaudirlle. E se poden ir ver *Libre coma os paxaros*, vaian, non a deixen soa ante butacas valeiras. Saúde.